



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 22 DE AGOSTO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS VETERINARIO/A, INCLUÍDAS NA OEP DOS ANOS 2023 e 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de agosto de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS VETERINARIO/A, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL; E NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para os anos 2023 e 2024. Na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia do 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL; na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, CUPO XERAL, polo sistema de Concurso-Oposición libre.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023 2024	1229 985	Veterinario/a	1732 1767	Veterinario/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

- *Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).*
- *Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- *Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).*
- *Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 Apartado 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.dos.4; e na oferta de emprego público do ano 2024 Apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".*
- *Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)"*
- *Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate..."*
- *Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:*

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundáméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*
- Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

As prazas de Veterinario/a figuran encadradas na escala de administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBP).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBP e posuír a titulación académica de: Grao en Veterinaria ou titulacións académicas equivalentes.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- Garante a libre concorrência así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*
 - *Artigo 55.1 do TRLEBP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*
 - *Artigo 55.2 do TRLEBP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*
 - Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
 - Transparencia.*
 - Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
 - Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
 - Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
 - Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
 - *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrência sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.*
- Recole o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*

c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPLG.

5. Proposta de acordo

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas nas ofertas públicas de emprego dos anos 2023 – APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL, (BOP núm. 298, do 30.12.2023); e ano 2024 APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, CUPO XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN LIBRE :

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023 2024	1229 985	Veterinario/a	1732 1767	Veterinario/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DÚAS (2) PRAZAS VACANTES, DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS VETERINARIO/A, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 E 2024, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023 2024	1229 985	Veterinario/a	1732 1767	Veterinario/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril, co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Grao en Veterinaria ou titulacións académicas equivalentes.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 4.**

6. PROCEDIMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de cincuenta (50) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de cincuenta e cinco (55) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2. SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de catro (4) temas, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa. Sortearase 1 tema de cada bloque.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de catro (4) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de tres (3) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutriniais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EXERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO. A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ Criterios de Valoración da experiencia profesional.

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ **Cadro de valoración da experiencia profesional:**

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN. A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas.**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOCTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas.**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

- **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

- **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

- **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

- **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

▪ **Acreditacións do nivel de galego.**

Acreditarase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas.**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978. Estructura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento de reforma.
2. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
3. A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
4. O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno.
5. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da Xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
6. Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional.
7. As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas.
8. A Organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.

9. O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española de 1978.
10. A provincia no réxime local. Órganos de decisión colexiados e unipersoais; organización complementaria.
11. A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
12. Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.
13. As fontes do Dereito Público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.
14. O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común. Principais documentos do expediente administrativo.
15. A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.
16. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.
17. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.
18. A Deputación Provincial de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo .

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

BLOQUE 1:

19. Concepto europeo de mundo rural, vulnerabilidade do mundo rural: orixes e causas, tipoloxía rural considerada na Unión Europea.
20. Modelo agrario europeo: da PAC xurdida do Tratado de Roma ao modelo actual, características e funcións atribuídas á agricultura entón e agora.
21. As sucesivas ampliacións da UE e a súa incidencia na agricultura comunitaria, principais impactos dos procesos de ampliacións.
22. Os piares da PAC, principios reitores e obxectivos da mesma, prioridades da UE para o desenvolvemento rural e iniciativas europeas de desenvolvemento rural.
23. Lei 8/2003 de sanidade animal: disposicións xerais, prevención de enfermidades dos animais, loita, control e erradicación de enfermidades, laboratorios, ordenación sanitaria do mercado de animais, inspección, infraccións e sancións.
24. Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA), Rexistro Xeral de Movementos de Gando (REMO) e Rexistro Xeral de Identificación Individual dos Animais (RIIA).
25. O libro de explotación gandeira: datos obrigatorios, altas e baixas de animais, e o libro electrónico.
26. Normativa básica das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en España e rexistro nacional delas, agrupacións de defensa sanitaria en Galicia, procedementos relativos ao recoñecemento, mantemento e extinción das AD SG, recoñecemento dos veterinarios responsables e programas sanitarios das AD SG en Galicia.
27. Garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios: disposicións xerais, comercialización, prescrición e utilización dos medicamentos veterinarios, vixilancia, réxime sancionador e condicións de comercialización e uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.
28. A receita veterinaria e o libro de tratamentos na explotación: datos que deben figurar.
29. Control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética en bovino, ovino e cabrún en España e estrutura organizativa do control leiteiro oficial en Galicia.
30. Normativa básica de control no sector lácteo: identificación e rexistro de axentes, establecementos e contedores do sector lácteo, rexistro de movementos de leite cru de vaca e do Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada de Galicia.
31. Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras en España, catálogo oficial de razas autóctonas de Galicia, recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas e programas de conservación, mellora e fomento en Galicia.

32. Xestión ambiental e loita contra o cambio climático no ámbito das explotacións gandeiras. Xestión e almacenamento de esterco e puríns. O caderno dixital. Xestión de emisións.
33. Lei 32/2007 para o coidado dos animais na explotación, transporte, experimentación e sacrificio e normativa estatal relativa á protección de animais nas explotacións gandeiras.
34. Normativa estatal de protección de tenreiros e porcos: normas mínimas para o benestar.
35. Regulamento 854/2004 sobre control oficial de leite cru, calostro, produtos lácteos e derivados do calostro; Regulamento 2074/2005 sobre métodos de ensaio para leite cru e leite tratado termicamente.
36. Regulamento 183/2005 sobre requisitos de hixiene dos pensos e Rexistro Xeral de Establecementos no sector da alimentación animal en España.

BLOQUE 2:

37. Autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais, e os centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte gandeiro.
38. Alimentación en vacas: vacas produtoras de leite, en produción, durante o período seco e vacas de razas cárnicas.
39. O muxido: hixiene, rutinas, tipos de salas, características e robot de muxido (vantaxes e inconvenientes).
40. O paquete lácteo. Relacións contractuais no sector lácteo Organizacións de produtores de leite e organización interprofesionais no sector lácteo. Os contratos no sector lácteo.
41. Necesidades básicas do gando bovino: Auga e alimento. Aloxamento axeitado. Ausencia de enfermidade e sufrimento. Expresión do comportamento natural.
42. Sistemas de aloxamento do gando bovino. Tipos. Requisitos mínimos. Deseño das instalacións (área de descanso, área de alimentación, área de pisos, área de muxidura, área de ventilación).
43. O secado: momento e pautas para o secado das vacas.
44. O parto da vaca: períodos, coidados no parto e postparto.
45. Atención ao becerro durante o parto e postparto, pautas para un correcto encalostrado.
46. Pastoreo e sistemas de pastoreo.
47. Recría de becerras: diferenzas entre recría en animais leiteiros e cárnicos, programa sanitario e alimentación durante a recría.
48. Manexo reprodutivo dunha explotación: o celo, detección, momento óptimo para inseminar, sincronización, control de reprodución e diagnóstico de xestación.
49. Produción de forraxes nunha explotación: métodos de conservación, ensilado e produción de herba seca.
50. A cama para o gando: materiais que se poden empregar, vantaxes e inconvenientes de cada un.
51. Rotación de cultivos: vantaxes, tipos de pradeiras, coidado, abonado de pradeiras, xurro, esterco, abonos minerais e aplicación de fitosanitarios en pradeiras.
52. O estrés oxidativo e a súa importancia no gando vacún.
53. Superovulación e transferencia embrionaria en gando vacún: conservación de embrións, ética e avances técnicos na transferencia.
54. Benestar animal: concepto e principios básicos, importancia no gando vacún.

BLOQUE 3:

55. Avaliación do benestar animal en explotacións de vacún de leite: medidas directas e indirectas como indicadores do benestar.
56. Sistema de alerta sanitaria veterinaria: enfermidades de declaración obrigatoria e notificación en España, regulación de programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.
57. Lexislación xeral sanitaria e de seguridade alimentaria: Lei 14/1986 de sanidade, Lei 17/2011 de seguridade alimentaria e nutrición, instrumentos de seguridade alimentar, laboratorios, infraccións e sancións, Real Decreto 1945/1983 en materia de infraestruturas e defensa do consumidor.
58. Lei 8/2008 de saúde de Galicia e Lei 33/2011 de saúde pública: obxecto, alcance, intervencións públicas e inspección sanitaria.
59. Regulamento (CE) 178/2002 sobre lexislación alimentaria, rastreabilidade e Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, Regulamento (UE) 931/2011 sobre rastrexabilidade.

60. Regulamento (CE) 852/2004 sobre hixiene dos produtos alimenticios e sistemas APPCC, incluídas directrices Codex Alimentarius.
61. Regulamento (CE) 853/2004, normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.
62. Normativa estatal de flexibilización de condicións na hixiene de produtos alimentarios e actividades excluídas.
63. Regulamento (UE) 2017/625 sobre control oficial de alimentos e pensos, saúde e benestar animal, sanidade vexetal e fitosanitarios.
64. Regulamento (CE) 2073/2005 sobre criterios microbiolóxicos en produtos alimenticios e 2015/1375 sobre presenza de triquinas en carne.
65. Normativa estatal de requisitos de hixiene na produción e comercialización alimentaria en comercio minorista.
66. Regulamento (UE) 2023/915 sobre contaminantes en alimentos e métodos de control, Regulamento 401/2006 sobre métodos de análise.
67. Regulamento delegado (UE) 2023/2465 sobre normas de comercialización dos ovos.
68. Normativa estatal sobre ordenación de explotacións porcinas intensivas e extensivas.
69. Normativa estatal sobre ordenación de grandes explotacións avícolas e rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras.
70. Normativa estatal sobre ordenación de explotacións cunícolas.
71. Normativa estatal sobre ordenación de explotacións apícolas.
72. Normativa estatal sobre ordenación de granxas bovinas.
73. Normativa estatal relativa ás obrigacións de vixilancia do titular da explotación.

BLOQUE 4:

74. Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos e o Rexistro Galego Sanitario.
75. Normativa sobre calidade de augas de consumo humano, explotación comercialización de augas minerais naturais e de manantial.
76. Recomendación do Consello de Europa para bovinos en materia de benestar animal.
77. Normativa sobre ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal de explotacións equinas e plan sanitario equino.
78. Normativa sobre identificación e rexistro de animais porcinos e equinos.
79. Normativa sobre vixilancia de zoonoses e axentes zoonóticos, resistencia antimicrobiana e control de salmonela.
80. Regulamento (CE) 999/2001 sobre prevención, control e erradicación de encefalopatías espongiformes transmisibles.
81. Normativa de vixilancia sanitaria do gando porcino e o control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.
82. Normativa de intercambio intracomunitario de animais bovinos e porcinos.
83. Medidas de control para sustancias e residuos en animais vivos e os seus produtos, prohibición de sustancias hormonais e beta-agonistas, Regulamento delegado (UE) 2019/2090.
84. Regulamento (UE) 1069/2009 sobre subprodutos animais non destinados a consumo humano, obrigas dos operadores.
85. Regulamento (UE) 142/2011 sobre subprodutos animais non destinados a consumo humano e RD 1528/2012 sobre recollida, transporte e autorización.
86. Regulamento (CE) 767/2009 sobre comercialización e utilización de pensos e boas prácticas de etiquetaxe.
87. Regulamento (UE) 2019/4 e (CE) 1831/2003 sobre aditivos e pensos medicamentosos.
88. Normativa estatal sobre comercialización de produtos reprodutivos de especies gandeiras e desprazamentos dentro da UE.
89. Regulamento (CE) nº 1/2005 sobre protección dos animais no transporte e prácticas relativas ao transporte.
90. Regulamento (CE) nº 1099/2009 sobre protección dos animais no momento da matanza.

Lugo, 25 de agosto de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2420

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 22 DE AGOSTO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA EN OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de agosto de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, DE OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 - APARTADO 1 IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IA) 1.1 COTA XERAL E APARTADO 1 IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art. 20.DOS.4, IB) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1. COTA XERAL, ACCESO LIBRES, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021, e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal funcionario que a continuación se indican, vacantes e dotadas, incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figuran no apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2023	986 987 988 990 991 992 993 994	Psicólogo/a	1768 1769 1770 1772 1773 1774 1775 1776	Psicólogo/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- *Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3.09.2020).*
- *Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: “(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos”.*
- *Artigo 91.2 da LRBRL “a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.*

B) SISTEMA SELECTIVO

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: “os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)”.*
- *Artigo 171.2 do TRRL: “O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...”.*
- *Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:*

“Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizárase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) *A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*
- b) *Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

A praza de Psicólogo/a, figura encadrada na escala de administración Especial, subescala técnica, clase técnicos superiores (art. 167 TRRL), grupo de clasificación A, subgrupo A1 (art. 76 TRLEBEP).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de: Grao en Psicoloxía ou titulacións académicas equivalentes.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 6 de maio de 2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) *Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*
 - *Artigo 55.1 do TRLEBEP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*
 - *Artigo 55.2 do TRLEBEP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*
 - a) *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
 - b) *Transparencia.*
 - c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
 - d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
 - e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
 - f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
 - *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.*
- b) *Recole o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- c) *Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPE.*

5. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

1º. Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na oferta pública de emprego do ano 2023 – apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado 1 IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral, polo sistema de concurso-oposición libre (BOP núm. 298, do 30.12.2023):

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2023	986 987 988 990 991 992 993 994	Psicólogo/a	1768 1769 1770 1772 1773 1774 1775 1776	Psicólogo/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexa participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita".

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO OITO (8) PRAZAS VACANTES, DOTADAS ORZAMENTARIAMENTE, DENOMINADAS PSICÓLOGO/A, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
8	2023	986 987 988 990 991 992 993 994	Psicólogo/a	1768 1769 1770 1772 1773 1774 1775 1776	Psicólogo/a entrada	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores	A-A1	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas seleccionadas atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así

como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do artigo 135, do RD 781/1986, do 18 de abril, co artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do artigo 76 e a disposición transitoria terceira 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, será necesario estar en posesión da seguinte titulación académica oficial:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Grao en Psicoloxía ou titulacións académicas equivalentes.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): CELGA 4.

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de cincuenta (50) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de cincuenta e cinco (55) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito de catro (4) temas, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa. Sortearase 1 tema de cada bloque.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de catro (4) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de tres (3) horas.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. **FASE DE CONCURSO.** A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ Criterios de Valoración da experiencia profesional.

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e área de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ Cadro de valoración da experiencia profesional:

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075 x cada 30 días	0,050 x cada 30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguals á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN. A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas.**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOCTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75

LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas.**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecementos).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

- **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

- **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

- **Criterios de valoración idioma galego**

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

- **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

- **Acreditacións do nivel de galego.**

Acreditarase mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

- **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIONES
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas.**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO

A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento de reforma.
2. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.
3. A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
4. O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno.
5. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da Xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
6. Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional.
7. As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. Competencias das Comunidades Autónomas.
8. A Organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.
9. O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española de 1978.
10. A provincia no réxime local. Órganos de decisión colexiados e unipersoais; organización complementaria.
11. A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
12. Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.
13. As fontes do Dereito Público. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.
14. O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común. Principais documentos do expediente administrativo.
15. A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.

16. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas. O sistema retributivo.
17. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Código disciplinario.
18. A Deputación Provincial de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo .

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

BLOQUE 1:

19. Historia e evolución do sistema de protección social en España. Marco legal dos servizos sociais: Constitución Española, Estatuto de autonomía de Galicia. O papel das deputacións provinciais.
20. A lei de servizos sociais de Galicia. O sistema galego de servizos sociais. Planificación do sistema galego de servizos sociais.
21. Os servizos sociais de Galicia. O Catálogo de servizos sociais en Galicia. A prestación dos servizos sociais.
22. Competencias en materia de servizos sociais. A inspección. O financiamento dos servizos sociais.
23. Dereitos e obrigas das persoas usuarias dos servizos sociais. Dereitos e obrigas das entidades prestadoras dos servizos sociais. infraccións e sancións. Procedemento sancionador.
24. Regulación sanitaria relacionada cos servizos sociais de Galicia. Dereitos e deberes sanitarios. Defensa e promoción dos dereitos das persoas usuarias do Sistema Público de Salud de Galicia.
25. O Sistema Público de Salud de Galicia. Prestacións sanitarias do Sistema Público de Salud de Galicia. Intervención de centros de servizos sociais. Cooperación y colaboración administrativas en materia de saúde pública.
26. Réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. O Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.
27. As autorizacións, acreditacións, modificacións e inspección dos servizos sociais en Galicia.
28. Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en Galicia. Requisitos específicos dos centros de atención ás persoas maiores.
29. Promoción da autonomía persoal e atención á dependencia: principios da lei, dereitos e obrigacións dos usuarios, configuración do sistema, prestacións e catálogo de servizos.
30. Procedemento da valoración da dependencia en Galicia: disposicións xerais, órganos do sistema, procedemento. Iniciación, tramitación, resolución e revisión do recoñecemento do grao de dependencia e do Programa individual de atención.
31. As competencias en materia sociosanitaria da Deputación de Lugo. O servizos sociais da Deputación de Lugo.
32. Marco legal e administrativo que regula os centros de atención a maiores da Deputación de Lugo.
33. Os centros de atención a persoas maiores da Deputación de Lugo como resposta á prevención da soidade na velez.
34. Protocolos nos centros de atención a persoas maiores de obrigado cumprimento.
35. Envellecemento saudable, activo e prevención de fragilidade. Factores psicosociais, biolóxicos e sociosanitarios do envellecemento saudable.
36. O edadismo, percepción sobre o envellecemento e os cambios vitais. Promoción do bo trato. Prevención do edadismo.

BLOQUE 2:

37. Tipos de maltrato na velez. Estratexias de detección e intervención en caso de maltrato.
38. Recursos e respostas ao envellecemento da poboación. Os coidados de longa duración.
39. Hábitos de vida saudables. Ámbitos de intervención para a prevención de condutas de risco e a promoción de hábitos de vida saudables. Benestar emocional. Avaliación de riscos e necesidades. Estratexias de prevención e intervención: estratexias persoais, relacionais e participación social e comunitaria.
40. Autodeterminación e promoción da autonomía persoal da persoa maior dende un modelo de atención centrado na persoa (ACP) e do modelo biospico social .

41. Historia de vida e elaboración do Plan de Atención Individualizada dende o modelo biopsicosocial.
42. Píares fundamentais do modelo ACP e do modelo biospico-social . Beneficios da súa implantación nos centros de atención a maiores. Axentes implicados.
43. Principios sociosanitarios da bioética. O secreto profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sociosanitaria, intimidade e respecto da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade.
44. A metodoloxía en psicoloxía. O concepto de método. O método experimental: definición e estrutura. Os métodos correlacionais: definición e características xerais. Dificultades metodolóxicas.
45. A avaliación psicolóxica: concepto e métodos. Técnicas psicométricas: bases conceptuais e características. Os autoinformes. As técnicas proxectivas. A observación. As dificultades metodolóxicas
46. A entrevista psicolóxica. Modelos teóricos. Diferentes tipos de entrevista. Fontes de erro na entrevista
47. O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos de informe. Estrutura do informe psicolóxico-
48. A intervención psicolóxica na situación de enfermidade, terminalidade e proceso de dó.
49. Ferramentas de avaliación cognitiva e neuropsicolóxica nos centros de atención a maiores.
50. Papel do psicólogo/a nas diferentes etapas da persoa usuaria nun centro de atención a persoas maiores: preacceso, acceso, adaptación e baixa.
51. Intervención psicolóxica na adaptación da persoa ao centro de atención a persoas maiores. Estratexias, manexo e recomendacións.
52. Papel do psicólogo/a ante os distintos perfís de persoa usuaria nun centro de atención a persoas maiores. Persoa maior con actitude demandante, agresiva e pasiva.
53. Papel do psicólogo/a na xestión e abordaxe dos conflitos relacionais. O papel do psicólogo/a nos centros de atención a persoas maiores.
54. Criterios definitorios da saúde mental no envellecemento. Factores protectores e factores de risco.

BLOQUE 3:

55. Espectro da esquizofrenia e outros trastornos psicóticos. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta unha patoloxía do espectro da esquizofrenia ou outros trastornos psicóticos.
56. Trastornos depresivos. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta un trastorno depresivo.
57. Trastornos de ansiedade. Trastorno obsesivo-compulsivo e trastornos relacionados. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta un trastorno de ansiedade.
58. Trastornos relacionados con traumas e factores de estrés. Trastornos dissociativos. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta un trastorno relacional con trauma ou estrés post-traumático.
59. Trastornos relacionados con sustancias e outros trastornos aditivos. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta un trastorno relacionado con sustancias ou outros trastornos aditivos
60. Trastornos da personalidade. Valoración e intervención como psicólogo/a. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta un trastorno de personalidade.
61. Principais alteracións neuropsicolóxicas na persoa maior. Valoración e intervención como psicólogo/a
62. Intervención psicolóxica nas diferentes etapas da demencia. Convivencia nun centro de atención a persoas maiores dunha persoa que presenta demencia, nas súas diferentes etapas. O paciente con demencia no final da vida. Coidado persoal e apoio á familia.
63. Eficacia das novas alternativas terapéuticas na estimulación cognitiva e multisensorial nas demencias.
64. Comunicación e benestar en persoas con deterioro cognitivo. Manexo dos comportamentos difíciles nas demencias.
65. A lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica nos servizos sociais. Curatela representativa. garda de feito. Defensor xudicial. Autotutela ou autocuratela
66. Procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer.

67. Uso de medidas de contención mecánica e farmacolóxica nos centros de atención a maiores. Impacto psicolóxico e consecuencias na persoa usuaria, familia e persoal de atención directa.
68. O equipo interdisciplinar nos centros de atención a persoas maiores. Competencias, conflitos, propostas de traballo, obxectivos.
69. A intelixencia emocional no equipo de traballo. Habilidades sociais. Liderado
70. A comunicación, verbal e non verbal, como base relacional nos centros de atención a persoas maiores: persoas usuarias, rede de apoio, axentes sociais e compañeiros de traballo.
71. A bioética como marco transversal ás intervencións do equipo interdisciplinar nos centros de persoas maiores.
72. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais nos servizos sociais

BLOQUE 4:

73. Resposta do equipo interdisciplinar ante a non adherencia ao PAI nun centro de atención a persoas maiores. Acompañamento profesional na toma de decisións e respecto á autonomía.
74. Proposta de intervención nos grandes síndromes xeriátricos psicolóxicos no marco do traballo en equipo interdisciplinar.
75. Factores desencadeantes e de risco no desenvolvemento do Burnout no equipo interdisciplinar e de atención directa.
76. A terapia de grupo nos centros de atención a maiores. Proceso de formación, implantación e seguimento.
77. Retos na estimulación cognitiva grupal. Uso das novas tecnoloxías e adaptación ao adulto maior con e sen deterioro.
78. A inclusión na comunidade da persoa maior usuaria dun centro de atención a maiores. Beneficios psicolóxicos, emocionais e sociais.
79. A adaptación da familia á vida nun centro de atención a maiores. Acompañamento psicolóxico fronte aos cambios emocionais.
80. Apoio e acompañamento psicolóxico á persoa maior que vive nun centro de atención a maiores. Proposta de intervención.
81. Cambios cognitivos e sensoriais no envellecemento. Impacto emocional da perda e intervención psicolóxica.
82. Afrontamento psicolóxico na situación de crise. Manexo do primeiro impacto e repercusións posteriores.
83. Estratexias de motivación para o establecemento de novas relacións sociais e vinculacións afectivas nos centros de atención a maiores.
84. Acompañamento emocional nos procesos de dó. Contexto individual, familiar e colectivo, nos centros de atención a persoas maiores.
85. Apoio social e voluntariado. Participación cidadá. Normas reguladoras. O proceso de participación en organizacións comunitarias. Apoio social, redes sociais e grupos de apoio. Aplicacións e programas de intervención psicosocial. Voluntariado en intervencións psicosociais: perfil do voluntariado e normas reguladoras.
86. Deseño de espazos para a vida e o benestar no centro de atención a maiores: espazos significativos, accesibilidade e apertura á comunidade.
87. Definición dos obxectivos socioterapéuticos nos centros de atención a persoas maiores.
88. Cambio de paradigma no modelo de coidados: piares fundamentais. Cambio nos centros de atención a persoas maiores.
89. A promoción da igualdade: xénero e identidade social. Discriminación e sexismo. Marco lexislativo estatal e autonómico e políticas de igualdade. Programas e acción positivas encamiñadas á consecución da igualdade entre homes mulleres: estratexias para o cambio de estereotipos de xénero.
90. Violencia de xénero: o marco social da violencia contra a muller. Marco lexislativo estatal e autonómico. Acoso en contextos laborais e noutros ámbitos de interacción. Violencia nas relacións de parella. Abusos e violencia sexual. Identificación de factores de risco. Protocolos e programas de intervención.

Lugo, 25 de agosto de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2421

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Mediante acordo da Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 24/07/2025, procedeuse á aprobación das bases que rexerán o procedemento para a selección de persoal laboral para ocupar por concurso-oposición 37 prazas de bombeiro-condutor.

BASES PARA A SELECCIÓN E PROVISIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 37 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

Segunda.- Publicación da convocatoria.

Terceira.- Participación na convocatoria.

Cuarta.- Solicitudes.

Quinta.- Admisión de aspirantes.

Sexta.- Tribunal.

Sétima.- Desenvolvemento das probas selectivas.

Oitava.- Descrición do proceso selectivo.

Novena.-Cualificación do concurso oposición.

Décima.- Curso selectivo e contratación de persoal en prácticas.

Decimo primeira.-Cualificación definitiva, relación de aprobados, proposta e presentación de documentos.

Décimo segunda.- Contratación como persoal laboral fixo.

Décimo terceira.- Incompatibilidades.

Décimo cuarta.- Bolsa de Emprego.

Decimo quinta. Recursos.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases regular o procedemento para a selección e provisión en propiedade, a través do sistema de concurso-oposición, de 37 prazas de bombeiro-condutor, vacantes no persoal do Consorcio, coas funcións e retribucións detalladas na Relación de postos de traballo do Consorcio, coa clasificación e denominación seguinte:

Persoal laboral Grupo IV, asimilado a Grupo C, Subgrupo C2, Escala: Administración Especial, Subescala: Servizos Especiais. Categoría: bombeiro-condutor.

Descrición Xeral. Misión do posto

Salvar vidas e protexer bens inmobles con accións oportunas e eficientes na loita contra o lume, atención pre hospitalaria, rescate e salvamento. Atención en caso de emerxencias por desastres naturais e/ou producidos polo ser humano, así como un labor preventivo de difusión de prácticas seguras entre a cidadanía. Actividades principais.

- Levar a cabo a intervención nos sinistros, de acordo coas instrucións do seu superior e as sistemáticas de actuacións vixentes, para procurar o salvamento de persoas e bens.
- Actuar con celeridade observando en todo momento condutas seguras para si mesmo e o resto de persoal interviniente así como terceiros e vítimas.
- Manexar o vehículo durante a prestación de servizos, así como os elementos mecánicos mantendo as prescricións de seguridade e as normas de circulación.
- Realizar as labores propias de intervención, rescate ou auxilio en función da emerxencia tratada.
- Realizar todas aqueles labores encomendados polos seus superiores que sirvan de apoio á actuación e ó máis eficaz control da situación.
- Realizar os labores necesarios para o rescate e avaliación dos accidentados en calquera intervención, tanto en apoio dos servizos sanitarios presentes no lugar como en ausencia destes.

- Propiciar o traballo en equipo mediante a información continua da evolución do sinistro e dos resultados do seus cometidos na zona de actuación na que interveña.
- Manter no posto o lugar asignado ata nova orde ou a finalización dos cometidos, neste caso informará a o seu superior sobre os resultados do seu traballo. Excepto nos casos de forza maior en que se vexa en perigo á súa integridade física ou a de terceiros.
- Responsabilizarse do equipo que forma a dotación de material persoal e do vehículo asignado, coñecendo a disposición do mesmo e realizando as revisións pertinentes ó relevo do servizo de acordo coa seguinte sistemática:
 - ✓ Verificarase a existencia de todo o material habitual no vehículo e súa localización adecuada.
 - ✓ Comprobarase o funcionamento e a existencia de consumibles necesarios para o seu uso prolongado. Limpeza de cocheiras e lugares destinados a almacenaxes.
 - ✓ Realizarase a limpeza do material e do vehículo no caso que proceda.
 - ✓ Informarase ó superior das situacións de anomalías, deterioro ou gasto que se observen.
 - ✓ Despois de cada actuación repoñerase inmediatamente o material danado e os consumibles utilizados durante a mesma. Igualmente se limpará e se acondicionarán nos casos que procedan.

De todas estas accións darase debida conta ó superior inmediato.

- Realizar o mantemento básico dos vehículos, de acordo co programa de mantemento das instrucións fixadas para cada vehículo, dentro das correspondentes a súa categoría.
- O mantemento básico, limpeza e conservación do equipo o seu cargo na súa quenda.
- Mantemento básico do orde e limpeza das instalacións do parque. Limpeza de cocheiras e lugares destinados a almacenaxes.
- Exclúense expresamente as labores de coidado do entorno e instalacións e as funcións propias do persoal de limpeza e mantemento.
- Cumprir as directrices marcadas polo Xefe/a de Quenda.
- Cumprimentar, estadillos ou outros mecanismos de control.
- Cumprir na súa xornada de traballo as actividades, de conformidade co plan de ocupación acordado ó efecto.
- Realizar calquera tipo de actividade que se programe dentro da actividade propia dos Parques (visitas institucionais, visitas de colexios ou funcións de representación).
- Manter a destreza e habilidades necesarias para o adecuado manexo de material, observando as normas de seguridade específicas para cada útil ou ferramenta.
- Calquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servizo de emerxencia, e ordenada polos seus superior xerárquico.

Este persoal, cando non actúe en emerxencias, realizará as tarefas encomendadas de mantemento preventivo, predictivo e correctivo programadas, probas funcionais de equipos e preparación destes, seguindo as indicacións dos respectivos fabricantes para garantir un funcionamento óptimo.

Igualmente participarán nos programas de adestramento conxuntos que no seu día se decidan.

As presentes probas selectivas seranlle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), a Lei 2/2015, de 29 abril, de emprego público de Galicia, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), Lei 39/2015, do 1 de outubro, del procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) e as bases desta convocatoria.

O réxime da xornada de traballo adaptarase ás necesidades do Servizo, podendo ser modificado en calquera momento polos órganos administrativos competentes.

As referidas prazas atópanse incluídas na oferta de emprego público do ano 2025 aprobada por acordo da Comisión executiva con data 24 de xullo de 2025, publicada no BOP de Lugo con data 31 de xullo de 2025.

Segunda.- Publicación da convocatoria.

A convocatoria e as súas bases publicaranse integramente no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e na paxina web do Consorcio. O extracto da convocatoria publicaranse no “Boletín oficial do Estado” (BOE) e no “Diario oficial de Galicia” (DOGA)

As comunicacións correspondentes á convocatoria expoñeranse no apartado referente ás Ofertas de emprego público da páxina do Consorcio (<https://www.salvamentolugo.org>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Consorcio (<https://salvamentolugo.org/sede-electronica/>), sen prexuízo da utilización doutros medios de difusión.

Terceira.- Participación na convocatoria.

A.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para ser admitido á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

1.- Nacionalidade: Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, regulador do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

2.- Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non alcanzar a idade máxima de xubilación forzosa.

3.- Titulación: Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias: Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, segundo o previsto no Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, para o ingreso nos corpos ou escalas clasificados no subgrupo C2.

En todo caso, a equivalencia de titulacións deberá ser achegada pola persoa interesada, mediante certificación expedida para o efecto pola administración educativa competente, en cada caso. Cando se trate de títulos expedidos no estranxeiro requirirase acreditar a homologación do mesmo.

4.- Capacidade: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto por desempeñar. Para ese efecto, quen supere o proceso selectivo será sometido a recoñecemento médico designado polos servizos médicos designados polo Consorcio, antes da súa contratación.

5.- Habilitación: Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao emprego público.

6.- Estar en posesión do permiso de condución da clase C.

7.- Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 2 ou equivalente, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicado no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007 así como o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2014.

8.- Ingresar na conta ES3220800152633040126045 a nome do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento a cantidade de 60€ prevista na *Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos e realización de determinadas actividades administrativas* publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 025 do día 31 de xaneiro de 2025. En ningún caso o ingreso da citada cantidade suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. Só procederá a devolución do importe satisfeito polo/a aspirante cando por causas non imputables ao mesmo non teña lugar por parte do Consorcio a prestación, ou cando os ingresos foran declarados indebidos por resolución ou sentenza firme ou se producise unha modificación substancial das bases da convocatoria.

Todos os requisitos establecidos deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de instancias, debendo manterse durante todo o proceso selectivo. Neste sentido, poderanse efectuar as comprobacións oportunas ata o nomeamento.

As persoas con discapacidade física ou psíquica serán admitidas en igualdade de condicións cos demais aspirantes, e sempre que acrediten a capacidade suficiente para o desempeño das funcións propias do posto, debendo acreditar dita condición mediante a oportuna certificación médica

Cuarta.- Solicitudes.

1º.- As solicitudes para participar no proceso selectivo, presentaranse no modelo Anexo I e Anexo I bis, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), no rexistro do Consorcio, tanto presencial como electronicamente a través da sede electrónica do Consorcio (<https://salvamentolugo.org/sede-electronica/>) (Proceso selectivo: selección e provisión 37 prazas de BOMBEIRO-CONDUTOR) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os/as aspirantes deberán declarar, baixo a súa propia responsabilidade, que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira desta convocatoria, referidos á data de remate do prazo de presentación de instancias, e dirixiranse ao Sr. Presidente do Consorcio.

No caso de que se opte por presentar a solicitude ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a mesma sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Se non se cumpre este requisito e a solicitude chega fóra de prazo, entenderase excluído ao/a aspirante.

No caso de presentarse as solicitudes de participación por calquera dos modos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 que non sexa no Rexistro do Consorcio, recoméndase a remisión dunha copia da solicitude de participación presentada ao correo electrónico consorcio.incendios@deputacionlugo.org. De utilizarse estes modos de presentación, deberá remitirse por correo electrónico copia exclusivamente da solicitude dentro do mesmo día da súa presentación no organismo correspondente.

As solicitudes presentadas no rexistro das administracións públicas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 serán datadas e seladas polo funcionario/a correspondente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Só neste caso entenderase que as solicitudes tiveron entrada no rexistro do Consorcio na data en que foron entregadas nos mencionados rexistros.

A solicitude, estará composta por dous modelos ANEXO I (referida os requisitos xerais), acompañarase da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte, no seu caso.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos que se requiren para a presente convocatoria (inclúese no ANEXO I).
- Documento acreditativo de ingresar o importe da Taxa correspondente, que ascende a 60 €, en concepto de dereitos de exame, na conta de titularidade do Consorcio en Abanca: ES3220800152633040126045. A orde de transferencia deberá de emitirse a favor do "Consorcio de Extinción de Incendios e Salvamento de Lugo. Dereitos de exame". Deberá indicarse no impreso o nome e apelidos do/da aspirante, con DNI.

O ingreso deberá efectuarse antes de presentar a correspondente solicitude de participación no proceso selectivo, non admitíndose o pago fóra do devandito prazo.

Non procederá a devolución do importe satisfeito en concepto de taxa por dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables aos/as interesados/as nin en supostos de non presentación do/da aspirante.

A falta de pagamento do importe da taxa dentro do prazo de presentación de solicitudes será motivo de exclusión non emendable.

- Título acreditativo do nivel de galego, Celga 2.

ANEXO I BIS (referida á parte do concurso).

Relacionaranse os méritos que o/a aspirante pretenda que sexan valorados na fase de concurso. A documentación acreditativa dos méritos relacionados no ANEXO I BIS so terá que ser aportada polos/as aspirantes que superen a fase de oposición. Dende a publicación da listaxe da puntuación final da fase de oposición abrirase un prazo de 5 días hábiles para a presentación da documentación a través do rexistro do Consorcio, tanto presencial como electrónicamente a través da sede electrónica do Consorcio (<https://salvamentolugo.org/sede-electronica/>) (Proceso selectivo selección e provisión 37 prazas de BOMBEIRO-CONDUTOR) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os méritos que non sexan relacionados no Anexo I BIS e acreditados no prazo de presentación de solicitudes non serán valorados na fase de concurso.

Quinta.- Admisión de aspirantes.

1.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Presidente do Consorcio, ditará resolución, no prazo máximo de tres meses, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, que ser fará publica no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do consorcio.

2.- Os/as aspirantes excluídos/as expresamente, así como os que non figuren na relación de admitidos/as nin na de excluídos/as, dispoñerán dun prazo único e improrrogable de **dez días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para emendar o defecto que motivase a súa exclusión ou a non inclusión expresa, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015.

3.- Os/as aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emendaran a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídos/as na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as da realización das probas. Por iso recoméndase aos/as aspirantes que comproben non só que non figuran recollidos na relación de excluídos, senón que, ademais, os seus nomes figuran na relación de admitidos.

4.- Expirado o prazo sinlado no apartado 2, o Sr. Presidente resolverá as reclamacións formuladas e elevará a definitiva a lista provisional de aspirantes, publicándose na forma prevista anteriormente. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos.

5.- De non presentarse reclamacións, elevarase a definitiva a lista inicialmente publicada. Na mesma resolución incluírase a composición do Tribunal Cualificador, fronte a cuxos membros se poderá presentar solicitude de abstención ou recusación.

6.- Contra a resolución que aprobe as listas definitivas de admisións e exclusións poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición nos supostos, forma e prazos recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben, directamente, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses dende a publicación da resolución.

Sexta.- Tribunal.

De conformidade co disposto nos artigos 55 e 60 do Real Decreto lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade profesionalidade dos seus membros, e tenderase, na súa composición, á paridade entre mulleres e homes, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A paridade hase de ter en conta tamén no nomeamento dos membros que desempeñan a presidencia e secretaría.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Igualmente, todos/as os seus membros deberán posuír unha titulación igual ou superior á requirida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal cualificador estará constituído polos/os seguintes membros: Presidente/a, Secretario/a e tres vogais, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.

A composición concreta do Tribunal incluírase na Resolución definitiva da Presidencia do Consorcio pola que se aproban as listas de persoas admitidas e excluídas.

O Tribunal non poderá constituírse sen a concorrencia da totalidade dos seus membros, e nas sucesivas sesións sen a asistencia, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo necesaria sempre a asistencia do Presidente e do Secretario.

As persoas membros do Tribunal cualificador están suxeitas aos supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O procedemento de actuación do Tribunal, axustarase en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 19/2013, do 9 de novembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais disposicións vixentes.

O Tribunal estará facultado para resolver calquera dúbida ou incidencia que puidese xurdir durante a celebración das probas selectivas e poderá tomar acordos e ditar cantas normas sexan precisas para a boa orde e resultado das mesmas. Corresponderá aos tribunais a consideración, verificación e apreciación das incidencias que puidesen xurdir no desenvolvemento dos exercicios e adoptará respecto diso as decisións que estime pertinentes.

De cada sesión levantarase a correspondente acta.

Para os efectos de comunicacións, anuncios e demais incidencias, o Tribunal sexa cal fora o lugar de celebración das probas, terá a súa sede no Consorcio.

O Tribunal poderá nomear asesores/as especialistas para todas ou algunha das probas, que prestarán a súa colaboración exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz, pero non voto.

Os/as membros do Tribunal e os asesores especialistas deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á mesma ou equivalente categoría á que corresponde a praza convocada, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, e igualmente se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores da categoría á que pertenza a praza convocada.

Na sesión de constitución do tribunal, o presidente esixirá dos/as membros do Tribunal, declaración formal de non acharse incursos/as nestas circunstancias. Esta declaración deberá ser tamén cumprimentada polos/as asesores/as especialistas que se nomeasen.

O/a Presidente/a do Tribunal velará en todas e cada unha das fases do proceso selectivo, polo cumprimento dos deberes de abstención sinalados e do sxiilo profesional, a que veñen obrigados todos/as os/as membros do Tribunal. Para estes efectos, na mesma sesión de constitución, lembrará o cumprimento dos mesmos, así como as responsabilidades que poidan derivarse en caso do seu incumprimento

A efectos de percepción de asistencias para os membros do Tribunal e asesores, fíxanse as establecidas no Decreto 251/1997, do 30 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo.

Sétima.- Desenvolvemento das probas selectivas.

Por Resolución da Presidencia, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos Taboleiros de Anuncios do Consorcio da sede electrónica e páxina web, indicárase, cunha antelación mínima de 15 días hábiles, o día, hora e lugar en que terá lugar o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas.

Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos exercicios faranse públicos no Taboleiro de anuncios do Consorcio e páxina web, como mínimo con 72 horas de antelación e con un máximo de corenta e cinco días, desde a total conclusión do exercicio ata o comezo do seguinte.

A orde de actuación das persoas aspirantes comezará pola letra “F” de acordo publicado na resolución da Xunta de Galicia, do 21 de xaneiro de 2025. A participación dos/as candidatos/as seguirá a orde alfabética, tomando en consideración o seu primeiro apelido e atendendo á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes definitivamente admitidos/as. No caso de que non exista ningún/a aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra “F”, a orde de actuación iniciárase por aqueles/as cuxo primeiro apelido comece pola letra seguinte do alfabeto, e así sucesivamente.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza a calquera deles, salvo casos de forza maior debidamente e libremente apreciados polo Tribunal e sempre que non finalizase a realización da proba de que se trata, nin se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

Os exercicios da oposición poderán desenvolverse no municipio onde radica a sede do Consorcio, ou en calquera dos municipios nos que exista Parques de Bombeiros pertencentes ao Consorcio.

Co fin de garantir o anonimato na realización do primeiro exercicio, non poderá constar ningún dato de identificación persoal dos/as aspirantes para o que se entregará unha tarxeta que constará de dúas partes. Os aspirantes deberán cubrir a parte que contén os seus datos persoais e quedarase coa outra parte onde unicamente figura o mesmo número de control que lles tocou ao chou no momento da elección do sobre que contén o exame. Este número de control será o que identifique a cada aspirante durante a realización da primeira proba do procedemento selectivo. Cuberta a parte das tarxetas na que figuran os datos persoais e o número de control de cada aspirante, recóllense e introdúcense nun sobre que é asinado por todos os membros do Tribunal.

Os/as aspirantes deberán observar en todo momento as instrucións que os/as membros do Tribunal determinen en orde ao adecuado desenvolvemento das probas. Calquera alteración no normal desenvolvemento destas, por parte dalgún/a aspirante, quedará reflectido na acta correspondente, podendo continuar o devandito/a aspirante o desenvolvemento do exercicio con carácter condicional ata tanto resolva o Tribunal sobre o incidente.

En calquera momento das probas físicas e psicoprofesionais, o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

Oitava.- Descrición do proceso selectivo.

A selección dos/as aspirantes realízase a través do sistema de concurso- oposición, seguida dun curso selectivo para o persoal que superado o proceso non acredite experiencia mínima de 1 ano ou unha formación mínima de 150 horas en materias propias relacionados co servizo e expedidas por entidades habilitadas. Para a realización deste curso selectivo, os/as aspirantes que superasen a fase de oposición serán contratados como persoal laboral en prácticas pola Entidade convocante.

Por entidades habilitadas entenderanse aqueles organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, escolas das Administracións públicas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) ou impartidos ou homologados pola AGASP.

FASE DE OPOSICIÓN . (Puntuación Máxima 60 puntos)

A fase de oposición consistirá na realización de cinco exercicios todos eles obrigatorios, e así mesmo eliminatorios, non podendo pasar ao seguinte exercicio, quen non superase o anterior con polo menos a puntuación mínima sinalada nestas bases para cada exercicio.

PRIMEIRO EXERCICIO.- PROBA DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS. (35 PUNTOS)

O exercicio será obrigatorio e eliminatorio e cualificarase de 0 a 35 puntos, debéndose obter como mínimo 17,50 puntos para poder continuar no proceso selectivo.

Consistirá na realización dun cuestionario dirixido a determinar os coñecementos da parte xeral e da parte específica do temario recollido non Anexo IV.

O cuestionario constará de 100 preguntas tipo test (25 da parte xeral e 75 da parte específica), con catro respostas alternativas e cunha soa resposta correcta, a resolver nun tempo máximo de 90 minutos.

No cuestionario poderán formularse problemas de tipo aritmético ou numérico que requiran a realización de cálculos.

O exercicio conterá 5 preguntas tipo test de reserva que substituirán na súa orde aquelas preguntas que, non seu caso, acorde o Tribunal anular.

O sistema de puntuación do cuestionario seguirá os seguintes criterios: cada pregunta acertada puntuará 0,35 puntos e cada pregunta contestada erroneamente restará 0,15. As preguntas non contestadas, e dicir as que figuren en branco, non terán valoración.

A relación de respostas correctas, xunto coas cualificacións do exercicio, serán publicadas na páxina web do Consorcio e os/as aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles a contar dende a publicación para facer alegacións e/ou impugnar as preguntas.

Para a formulación das preguntas da parte específica, o tribunal utilizará como referencia os manuais de formación editados pola Asociación de Consorcios e Servizos de Bombeiros de España (CONBÉ) en outubro de 2017 e que fan referencia aos Módulos Formativos MF0401, MF0402, MF0403, MF0404 e a SEXA534, elaborados como itinerario formativo para a obtención da cualificación profesional.

SEGUNDO EJERCICIO.- PRUEBAS FÍSICAS. (25 PUNTOS)

Componse de 5 probas, en cada unha delas poderase obter ata unha puntuación máxima de 5 puntos. Estas realizaranse segundo a orde establecida polo Tribunal, sendo cada unha delas obrigatoria e eliminatoria para pasar ao seguinte.

Para a valoración do tempo dos diferentes exercicios, tomaranse como mínimo dúas medicións de xeito simultáneo e realizarase a media aritmética para obter a puntuación definitiva.

O material necesario para a execución da proba 5 (aletas), será proporcionado polo Consorcio. Con todo poderán ser provistos polo/a propio/a opositor/a, que será obxecto de revisión por parte do Tribunal.

Proba 1. EJERCICIO DE RESISTENCIA ORGÁNICA. Carreira de 1.000 metros lisos.

Descrición.

Os aspirantes percorreren a distancia de 1.000 metros por rúa libre. A quenda de participantes poñerase na liña de saída sen excedela. Á voz de “xa” ou outro sinal de comezo especificada polo Tribunal, á que precederá a de “preparados” e “listos”, cada aspirante comezará a correr pola rúa libre ata alcanzar a distancia de 1.000 metros. Só se permitirá un intento. Poderanse utilizar zapatillas de cravos. Non se empregarán nesta proba os tacos de saída.

Considerarase NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, o/a aspirante que percorra os 1.000 metros nun tempo superior a 3 minutos, 29 segundos, 0 décimas, 0 centésimas (3´29”) para homes e 3 minutos, 49 segundos, 0 décimas, 0 centésimas (3´49”) para mulleres.

O/a aspirante quedará tamén eliminado cando:

- Obstaculice a outros corredores con calquera parte do seu corpo.
- Provoque dúas saídas nulas.
- Non se eliminará ao/á aspirante que traspase puntualmente a liña interior do circuíto cando estea motivada pola acción doutro corredor.

Puntuarase de acordo con a seguinte táboa que establece marcas diferenciadas entre mulleres e homes. As marcas non recollidas na táboa obteranse por interpolación do anterior e posterior:

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMININO
2,5	3´29´´00	3´49´´00
2,75	3´24´´00	3´44´´00
3	3´19´´00	3´39´´00
3,25	3´14´´00	3´34´´00
3,50	3´09´´00	3´29´´00

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMININO
3,75	3´04´´00	3´24´´00
4	2´59´´00	3´19´´00
4,25	2´56´´00	3´16´´00
4,50	2´53´´00	3´13´´00
4,75	2´51´´00	3´11´´00
5	2´49´´00	3´09´´00

Proba 2. EXERCICIO DE FORZA. Press de banca.

Descrición.

Sobre un banco de pectoral e partindo con brazos en extensión e agarre díxito palmar un pouco máis aberto da anchura dos ombreiros sobre a barra, realizar flexión e extensión total de brazos sobre unha resistencia de corenta quilogramos (40 Kg) para os homes e trinta quilogramos (30 Kg) para as mulleres, durante un minuto (1 min), realizando polo menos o mínimo número de repeticións que corresponda. O exercicio realizarase cos brazos descubertos e os pés apoiados no chan. Só permitirase un intento. O examinador cantará a viva voz as repeticións válidas realizadas.

Considerarase NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, o/a aspirante que realice menos de 23 repeticións no caso dos homes e menos de 19 repeticións no caso das mulleres.

O/a aspirante quedará tamén eliminado cando:

- Pare o exercicio en flexión de cóbado.
- Deixe a barra antes da finalización do tempo indicado.
- Levante algún dos pés completamente do chan.

Puntuarase de acordo á seguinte táboa que establece marcas diferenciadas entre mulleres e homes. As marcas non recollidas na táboa obteranse por interpolación lineal do anterior e posterior:

NOTA	REPETICIÓNS HOMES	REPETICIÓNS MULLERES
2,5	23	19
2,75	26	22
3	29	25
3,25	31	28
3,50	34	31
3,75	37	33
4	40	36
4,25	43	39
4,5	46	42
4,75	49	45
5	52	48

Proba 3. EXERCICIO DE FORZA. Dominadas en elemento horizontal.**Descrición.**

Suspendido nun elemento fixo horizontal, con agarre dígito palmar cara á fronte, realizar flexións de brazos, con estes descubertos, ata exceder a altura das mans co queixo e baixar novamente ata a extensión total de brazos e ombreiros, realizando polo menos o mínimo número de repeticións que corresponda conforme á táboa adxunta, sen límite de tempo e sen descolgar ningún brazo do elemento. As repeticións estarán reguladas por un asubío que se repetirá cada 1/2 segundos aproximadamente, non contabilizándose as repeticións que se adianten ao asubío. Poderán deixarse pasar cuantos asubíos considérense necesarios. Só permitírase un intento. O examinador cantará a viva voz as repeticións válidas realizadas.

Considerarase NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, o/a aspirante que realice menos de 12 repeticións no caso dos homes e menos de 8 repeticións no caso das mulleres.

O/a aspirante quedará tamén eliminado cando:

- As extensións de brazos e ombreiros sexan incompletas.
- Balancéese o corpo
- Realícese movemento dos talóns que supoñan axuda na execución da flexión
- Realícese movemento dos xeonllos que supoñan axuda na execución da flexión

Puntuarase de acordo á seguinte táboa que establece marcas diferenciadas entre mulleres e homes. As marcas non recollidas na táboa obteranse por interpolación lineal do anterior e posterior:

NOTA	REPETICIÓNS HOMES	REPETICIÓNS MULLERES
2,5	12	8
2,75	14	10
3	16	12
3,25	18	14
3,50	20	16
3,75	22	18
4	24	20
4,25	26	22
4,5	28	24
4,75	30	26
5	32	28

Proba 4. EXERCICIO DE AXILIDADE. (Test de Barrow).

Posición Inicial: de pé á beira do poste e tras a liña de saída.

Execución: A finalidade da proba é percorrer no menor tempo posible un circuito en forma de oito delimitado por cinco postes, catro deles sinalando os vértices dun rectángulo de 8,66 por 5 metros, e o quinto no centro (ver gráfico). Os/as aspirantes deben completar dúas voltas ao circuito, unha en cada sentido (recorrido A e B, no gráfico).

O tempo entre o final do primeiro percorrido e o comezo do segundo será de cinco segundos (5")

Poderanse conceder dous intentos. O segundo intento unicamente realizarase no caso de que o primeiro resultase nulo. Deixarase un minuto de descanso para o segundo intento. Terá a consideración de intento nulo cando:

- O/a aspirante derruba un dos postes.
- O/a aspirante agarre un dos postes para evitar que caia.

c) O/a aspirante sálgase do percorrido, é dicir, se se excede ou se sae da liña ideal de carreira (aínda que volvese polo percorrido correcto).


Son causas de eliminación:

a) Realizar dous intentos nulos en algún dos recorridos (A o B).

b) Superar O tempo máximo previsto para a proba.

Puntuación: Sumarase o tempo empregado polos/as aspirantes en ambos os recorridos (A + B), tendo en conta que estes finalizan cando o/a aspirante volta a cruzar a liña de saída.

Considerarase NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, se o/a aspirante termina o recorrido superando os 26 segundos no caso dos homes e 32 segundos no caso das mulleres, ou se respectando estes, o tempo entre o final do primeiro percorrido e o comezo do segundo supere os cinco segundos (5").



NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMININO
2,5	26"	32"
2,75	25,5"	31,5"
3	25"	31"
3,25	24,5"	30,5"
3,50	24"	30"
3,75	23,5"	29,5"
4	23"	29"
4,25	22,5"	28,5"
4,5	22"	28"
4,75	21,5"	27,5"
5	21"	27"

Proba 5. PROBA DE NATACIÓN: Natación, mergullo con aletas, natación e remolque con aletas (150 metros)

Finalidade: Comprobar se a persoa aspirante desenvólvese con autonomía suficiente no medio acuático e é capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces tanto por superficie como no medio subacuático, con e sen aletas, así como facendo unha simulación de remolque.

Descrición: O exercicio consiste en zambullirse, nadar (50 m), colocar as aletas e mergullo (25 m), nadar con aletas (25 m) e remolcar un balón medicinal levándoo completamente fóra da auga (50 m). Percorreranse 150 m en total, nunha piscina de 25 metros distribuídos nos seguintes percorridos.

Posición inicial: De pé no bordo da piscina na zona de saída, con bañador, gorro de baño e aletas colocadas á beira do poyete (permítese o uso de lentes de natación).

Desenvolvemento: A persoa aspirante situarase ao bordo da piscina á voz de aviso («aos seus postos»); o sinal de saída será dada por un membro do tribunal á voz de «xa», ou mediante un asubío, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o percorrido A, o mergullo durará un máximo de 10 metros neste tramo, e seguidamente sen interrupción o B, C, D, E e F finalizando o exercicio cando toque con calquera parte do corpo a parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do último percorrido F.

Permitirase apoiar os pés no fondo da piscina ao final do percorrido B para colocar as aletas se a profundidade da piscina obriga a iso.

Regras: A persoa aspirante terá un só intento para a execución desta proba. O cronómetro poñerase en marcha ao sinal de saída cando un membro do tribunal da a voz de «xa» ou mediante un asubío e detense cando a persoa aspirante toca a parede ao final do último percorrido F.

En todo momento a persoa aspirante manterase pola rúa asignada e delimitada polas corcheiras, pode impulsarse na parede coas pernas ao final dos percorridos A, B, C, D e E. Os percorridos A, B, C, D e E, considéranse realizados sempre que a persoa aspirante toque a parede con calquera parte do seu corpo.

O peso dos balóns medicinais serán de 3 kg para as mulleres e de 5 kg para os homes.

As medidas das aletas non poderán exceder os 65 cm de longo e 30 cm de ancho.

Invalidacións: O exercicio será nulo cando a persoa aspirante:

- Para finalizar o exercicio, camiñe polo fondo ou se axude nas corcheras, estimándose que non finalizou a mesma.
- Cámbiese de rúa.
- Salga á superficie da auga na zona de mergullo. A persoa aspirante debe mergullarse e saír á superficie (ao comezo e ao final do percorrido C) estando en contacto coa parede do vaso.
- Realice o exercicio nun tempo superior á marca establecida.
- Sente no bordo para poñer as aletas.
- Efectúe dúas saídas falsas, entendendo por saída falsa lanzarse á piscina antes da voz da orde de saída («xa» ou asubío).
- O balón medicinal toque a superficie da auga na zona de remolque.

REPRESENTACIÓN ESQUEMÁTICA

a) Zambullida + 25 m natación estilo libre

b) 25m natación estilo libre

Saída da piscina

c) Colocación das aletas e 25m mergullo

d) 25m crol con aletas + recollida do balón medicinal 3kg (mulleres) ou 5kg (homes)

e) 50m remolque con aletas, o balón debe ir totalmente fora da auga durante os 50m

Puntuación: Anotarase o tempo investido en minutos e segundos.

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
2'25"00 o más	2'45"00 o más	Eliminado/a
Entre 2'16"00 y 2'24"00	Entre 2'35"00 y 2'44"00	0,00
Entre 2'07"00 y 2'15"00	Entre 2'25"00 y 2'34"00	1,00
Entre 1'58"00 y 2'06"00	Entre 2'15"00 y 2'24"00	2,00
Entre 1'49"00 y 1'57"00	Entre 2'05"00 y 2'14"00	3,00
Entre 1'40"00 y 1'48"00	Entre 1'55"00 y 2'04"00	4,00
Menos de 1'40"00	Menos de 1'55"00	5,00

Considerarase NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, se o/a aspirante termina o recorrido superando os 2 minutos 25 segundos no caso dos homes e 2 minutos 45 segundos no caso das mulleres.

Finalizadas todas as probas deste apartado publicarase unha listaxe coa valoración dos candidatos.

TERCEIRO EXERCICIO. PROBAS FÍSICO-PROFESIONAIS (APTO/NON APTO)

Componse de 3 probas, estas realizaranse segundo a orde establecida polo Tribunal, sendo cada unha delas obrigatoria e eliminatoria para pasar a seguinte. Os exercicios valorarase como APTO ou NON APTO.

Proba 1. EXERCICIO DE APTITUDE EN ESPAZOS CONFINADOS

Trátase de detectar a enfermidade pola que os espazos pechados e escuros producen (na persoa que a padece) un estado de nerviosismo que lle impide realizar os habituais labores de salvamento ou extinción de incendios. Para a avaliación desta proba o tribunal poderá propoñer a asistencia de asesores médicos. Declararanse aptos os aspirantes que non manifesten síntomas de claustrofobia, nin desorientación e non superen o tempo máximo establecido para a realización do exercicio.

Descrición: O/a aspirante posicionarase de pé fronte a unha porta de acceso a un local que dispoñerá de visibilidade reducida (para iso poderase recorrer ao escurecemento de cristais e zonas polas que entre a luz ou emprego de fume sintético empregado nos simulacros de incendio). O/a aspirante levará posto un casco de intervención F1 coa pantalla escurecida. Un membro do tribunal introducirá no local ao/a aspirante e o/a situará nunha referencia (dereita ou esquerda). Unha vez situado/a en a referencia daráselle a voz de comezo da proba. O/a aspirante comezará a progresar seguindo a dirección e referencias que considere. Deberá buscar, atopar e rescatar un boneco que o tribunal depositou dentro da área de procura. O exercicio finalizará no momento no que rescatador e rescatado atópanse fose do recinto de procura ou ben que, polo tempo transcorrido, o tribunal así o decida.

O/a aspirante terá un único intento. O tempo máximo de realización do exercicio será establecido polo tribunal antes do comezo do exercicio.

O exercicio valorarase como APTO ou NON APTO

A proba non se considerará apta e por tanto eliminado/a de o proceso, cando:

- O/a aspirante manifeste síntomas de claustrofobia.
- Cando non realice o exercicio dentro do tempo estipulado.
- Cando o/a aspirante se desoriente no exercicio.

Haberá membros do corpo de bombeiros do Consorcio Provincial para garantir a seguridade dos/as aspirantes.

Proba 2. EXERCICIO DE APTITUDE DE TRABALLO EN ALTURA.

Descrición.

Subida e baixada de autoescada: consistirá en subir e baixar unha autoescada de 20 metros de lonxitude e 70° de inclinación aproximadamente. O Tribunal establecerá ao seu criterio, uns tempos mínimos para realizar a proba, debéndose efectuar a mesma de forma continuada, e atendendo á configuración que a continuación se detalla, seguindo as indicacións do Tribunal:

1º.- Subida de tramo de, aproximadamente, 30 metros.

2º.- Lectura de inscrición alfanumérica na base da autoescada desde os 20 metros de altura.

3º.- Subida de tramo de 10 metros aproximadamente e comunicación da inscrición alfanumérica ao persoal na cesta da autoescada.

4º.- Realización de nó “as de guía” con corda de escalada no lugar indicado polo persoal na cesta da autoescada.

5º.- Baixada de tramo de 30 metros, aproximadamente.

A situación de inicio e de final será sobre o chan firme, as mans e pés só poderán apoiarse nos banzos, non nas barandas ou outras partes do vehículo. Os pés haberán de pisar todos os banzos, excepto os que, no seu caso, sinale o tribunal.

O tempo máximo establecido para a realización do exercicio será de 2’30” (Dous minutos e trinta segundos)

Na realización da proba considerarase ao aspirante APTO ou NON APTO. A consideración de NON APTO, e por tanto eliminado/a de o proceso selectivo, outorgarase ao ou a aspirante cando:

- a) Non complete a proba antes do tempo máximo establecido.
- b) Non comunique ou se realice de forma errónea a inscrición alfanumérica ao persoal na cesta da autoescada.
- c) Non realice o nó correspondente.

Proba 3. EJERCICIO DE INSTALACIÓN DE MANGUEIRAS.

Tendido de mangueras, partindo do seguinte material, situado ao pé do camión:

- a) Redución 70-45 mm
- b) Mangueira de 45 mm
- c) Bifurcación de 45-25 mm
- d) Dúas mangueras de 25mm e 20m de lonxitude enroladas
- e) Dúas lanzas de 25 mm

O Tribunal establecerá ao seu criterio, uns tempos mínimos para realizar a proba, debéndose efectuar a mesma de forma continuada, e atendendo á configuración que a continuación se detalla, seguindo as indicacións do Tribunal.

Execución: O aspirante fará un tendido desde a bomba do camión consistente en redución 70/45, unha liña de 45, bifurcación 45/25, dúas liñas de 25 e as súas respectivas lanzas. Dará paso de auga a unha das liñas do tendido, situarase nunha marca a uns 15 m do camión e pedirá presión a un operador de bomba. Unha vez con presión, en posición de chorro sólido terá que tirar un branco situado sobre un pedestal a 10 m da marca, e unha vez tirado poñerá posición de cortina na lanza.

Medición: Será manual con cronómetro, que se poñerá en funcionamento ao sinal de comezo da proba e deterase cando o aspirante seleccione a posición de cortina na lanza, despois de tirar o branco.

O tempo máximo establecido para a realización do exercicio será de 1'30" (Un minuto e trinta segundos)

Intentos: Un só intento.

Na realización da proba considerarase ao aspirante APTO ou NON APTO. A consideración de NON APTO, e por tanto eliminado/a do proceso selectivo, outorgarase ao ou a aspirante cando:

- a) Non complete a proba antes do tempo máximo establecido.
- b) A non conexión dalgún dos elementos
- c) Haxa fugas de auga por deixar abertas bifurcacións ou lanzas que non van entrar en operación abertas
- d) Non realizar da forma determinada o tendido.

PUBLICACIÓN

Finalizadas todas as probas da oposición publicarase unha listaxe coa puntuación final da fase de oposición, coa valoración dos candidatos. Dende a publicación desta listaxe abrirase un prazo de **5 días hábiles** para a presentación da documentación mencionado no anexo I bis para os efectos da valoración de méritos da fase de concurso. A través do rexistro do Consorcio, tanto presencial como electronicamente a través da sede electrónica do Consorcio ([https:// https://salvamentolugo.org/sede-electronica/](https://salvamentolugo.org/sede-electronica/)) (Proceso selectivo selección e provisión 37 prazas de BOMBEIRO-CONDUTOR) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CONDICIÓNES PARTICULARES DOS EJERCICIOS DE APTITUDES FÍSICAS E HABILIDADES FUNCIONAIS.

Nos exercicios pertencentes á proba de aptitudes físicas e habilidades funcionais, todas aquelas accións non descritas dentro da relación das exclusións do proceso selectivo e que, a criterio do Tribunal, considérense intencionadas por parte do opositor/a e que supoñan unha vantaxe diferencial con respecto ao resto dos aspirantes, poderán causar a exclusión do/a mesmo/a dentro do proceso selectivo. No caso de que o Tribunal estime unha acción de vantaxe como acción involuntaria, poderá facer repetir ao/a aspirante devandito exercicio, informándolle da prohibición de realizar a/as acción/é que implicasen condicións favorables para este/a en relación ao resto de opositores/as.

No mesmo acto de comparecencia dos/as aspirantes para a celebración destes probas na sesión para a que, en cada caso, fosen convocados, e con carácter previo á súa realización, os aspirantes deberán de presentar ante o Tribunal Cualificador do proceso, certificado médico estendido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das citadas probas físicas, emitido de acordo co contido do Anexo II.

Quen non acheguen o certificado de referencia, perderá o seu dereito para realizar a totalidade destas probas, quedando excluído/a do proceso para todos os efectos.

Así mesmo, ao finalizar cada unha das probas, poderase realizar unha proba de control de dopaxe mediante a recollida dunha mostra de oríños non inferiores a 100 mililitros, a todos aqueles/as aspirantes que superasen o exercicio.

A resistencia ou negativa expresa por parte do/da aspirante para realizar dita proba, ou a súa non presentación á realización da mesma no lugar e tempo en que sexa convocado/a, sen que exista causa xustificativa debidamente acreditada, supoñerá a súa exclusión inmediata do proceso selectivo.

Así mesmo, será motivo de exclusión a obstrución, non atención, dilación indebida, ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturbem ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista na Lei, ou sempre que calquera aspirante evite voluntariamente, por acción ou omisión, a recollida de mostras a que estivese obrigado a someterse.

A lista de substancias e métodos prohibidos que se usará de referencia para determinar se un resultado analítico é desfavorable será a que, no momento da realización das probas físicas, atópanse en vigor por ser a máis recentemente aprobada pola Presidencia do Consello Superior de Deportes e publicada no “Boletín Oficial do Estado”. De acordo a esta referencia, o persoal médico decidirá que substancias corresponde analizar.

A detección da presenza de calquera cantidade das substancias prohibidas analizadas, ou das súas metabolitos ou marcadores, na mostra de ouriños dun/unha aspirante, supoñerá a súa exclusión do proceso selectivo, sen prexuízo do dereito de solicitude de realización de contra-análise que asiste ao/á aspirante, así como do seu recurso ao Tribunal Cualificador coas alegacións que estime oportunas.

Con todo, ademais do anteriormente establecido, esta proba, ou calquera outra tendente a detectar metabolitos de drogas ou similares, poderá realizarse, de forma grupal ou individual, en calquera momento e durante todo o proceso a pedimento do persoal médico ou do Tribunal Cualificador, con vistas a confirmar o mantemento da aptitude do aspirante e para poder garantir unha adecuada vixilancia da saúde e a disposición e respecto do aspirante ás normas establecidas.

Os/as aspirantes que reciban tratamento habitual con algunha medicación susceptible de dar lugar a un resultado desfavorable, deberán comunicalo ao Tribunal Cualificador, con antelación suficiente á realización das probas físicas.

O Tribunal aplicará os criterios de avaliación contidos na Convención Internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

Con carácter xeral, e como principio de funcionamento, no suposto de observación dunha conduta de vantaxe informarase a todos os aspirantes sobre a súa prohibición previa á realización do exercicio e a obrigação de evitala.

Con independencia de que cada aspirante poida dispoñer do seu propio equipo de protección individual, para as devanditas probas prácticas, facilitaranse os equipos de protección individual necesarios, excepto o calzado de seguridade que deberá traer cada aspirante.

Na execución destas probas será de obrigado cumprimento a normativa en materia de prevención de rochas para este tipo de actividades.

FASE DE CONCURSO (Máximo 40 puntos)

De acordo co disposto na Disposición Adicional 2ª dos Estatutos do Consorcio no proceso selectivo para a dotación do persoal descrito non artigo 23º.1 b) terá en conta como mérito a experiencia nos postos de traballo que nela relaciónanse.

A fase de concurso será valorada unha vez realizados todos os exercicios da posición e consistirá na valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes, de acordo con seguinte baremo

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 25 puntos)

1. Experiencia profesional como bombeiro/a nunha Administración Pública (Máximo 13 puntos)

1.a.- Valorarase con 0,20 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a, nos cinco anos naturais anteriores a esta convocatoria, xa sexa funcionario ou persoal laboral, no corpo de bombeiro/a pertencentes o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de Lugo e 0,15 puntos no corpo de bombeiro/a pertencente a calquera outro Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento.

1.b.- Valorarase con 0,10 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a, nos cinco anos anteriores a esta convocatoria, xa sexa funcionario ou persoal laboral, en corpos de bombeiro/a pertencentes a calquera Administración Pública.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

a) Certificado de prestación de servizos na Administración correspondente, no posto de bombeiro/a, onde figure o tempo de prestación de servizos, acompañado da vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social.

b) Unicamente valorarase a experiencia en corpos de bombeiros/as con esta denominación (bombeiro/a, bombeiro/a-condutor/a, xefe dotación ou sarxento).

c) Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas ás de bombeiro (oficial GES, oficial/capataz GRUMIR, traballador forestal e do medio ambiente, peón ou similares).

d) Para a determinación das entidades que teñen a consideración de Administración Pública estarase ao establecido no artigo 2.3 tanto da LPAC, como na LRXSP.

2. Experiencia profesional como bombeiro/a en empresas privadas (Máximo 7 puntos)

2.a.- Valorarase con 0,10 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a en empresas privadas que prestasen servizo en organismos públicos, dentro dos doce anos anteriores á presente convocatoria.

2.b.- Valorarase con 0,05 puntos por mes completo traballado como bombeiro/a en empresas privadas, dentro dos doce anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizado.

Acreditación:

a) Contrato de traballo, nóminas, certificado de empresa ou calquera outro documento expedido pola empresa que permita acreditar que desempeñou o posto de traballo de bombeiro/a, acompañado da vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) Unicamente valorarase a experiencia en corpos de bombeiros/as que teñan esta denominación (bombeiro/a, bombeiro/a-condutor/a, xefe de dotación ou sarxento).

3. Experiencia profesional como servizo de emerxencias supramunicipal (Máximo 3 puntos)

3.a.- Valorarase con 0,05 puntos por mes completo traballado nun servizo de emerxencias supramunicipal, dentro dos cinco anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes. A xornada parcial computarase en función da porcentaxe de xornada realizada.

Acreditación:

a) Certificado de prestación de servizos como persoal do servizo de emerxencias expedido polo concello do que se trate, acompañada de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

b) Unicamente valorarase a experiencia en servizos que teñan a denominación de servizo emerxencias supramunicipal.

c) Non se valorará a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas.

d) Non se valorarán os servizos prestados noutras Comunidades Autónomas.

4. Experiencia como voluntario/a rexistrado/a nunha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada (Máximo 2 puntos):

(En aplicación do disposto na Lei 5/2007, terase en conta o tempo de prestación de servizos a partir dun ano como voluntario/a rexistrado/a nunha agrupación de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistrada segundo establécese no Decreto 56/2000, do 3 de marzo ou no servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia)

Valorarase con 0,025 por cada mes completo de servizos prestados como voluntario/a de protección civil, debidamente acreditado, contado a partir dun ano de prestación de servizos, e dentro dos cinco anos anteriores á presente convocatoria.

Acreditación:

a) Certificado que acredite estar rexistrado/a no rexistro oficial de persoas voluntarias de protección civil da correspondente Comunidade Autónoma e realizar o curso básico de protección civil, no que conste a data desde a cal está inscrito/a como voluntario/a e a data na que realizou o curso.

b) Unicamente valoraranse os servizos prestados en agrupacións de persoas voluntarias de protección civil oficialmente rexistradas. Non se valorarán os servizos prestados noutro tipo de agrupacións.

c) Unicamente valoraranse os certificados expedidos pola Comunidade Autónoma e Concellos, non sendo válidos os das agrupacións de voluntarios/as de protección civil.

C) FORMACIÓN (Máximo 15 puntos)

1. Concederase 6 puntos a aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión dun curso de formación para bombeiros/as de novo ingreso para calquera servizo de prevención e extinción de incendios (SEIS,SPEIS) do estado español, ou empresas prestadoras do servizo para calquera administración.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse a copia cotexada da titulación.
- b) Non serán válidos os cursos para bombeiros/as de novo ingreso realizados por outras entidades, sexan públicas ou privadas.

2. Concederase 3 puntos a aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado profesional ou titulación universitaria que acredite a súa cualificación profesional como bombeiro/a, técnico en emerxencias e protección civil/ técnico superior en coordinación de emerxencias /protección civil ou titulación equivalente.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse a copia cotexada da titulación ou xustificante equivalente (superación de todos os módulos formativos e pago de taxas).
- b) Non se valorará a superación de módulos independentes.
- c) Non se valorarán os Ciclos ou titulacións con outra denominación (Emerxencias sanitarias, ...)

3. Por cursos de formación relacionados directamente coas tarefas do posto de traballo de bombeiro/a de duración mínima 30 horas, outorgaranse 0,50 puntos por curso ata un máximo de 3,00 puntos. Deberán estar organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, escolas das Administracións públicas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) ou impartidos ou homologados pola AGASP.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse a copia cotexada da titulación.
- b) Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.
- c) Tampouco se computarán os cursos, xornadas, congresos ou seminarios de duración inferior a 30 horas.
- d) Non se puntúan como cursos a superación de módulos de certificados profesionais.
- e) Non se puntúan cursos impartidos por outras organizacións distintas das descritas anteriormente. .

4. Pola posesión do título de patrón/a de embarcacións (P.E.R ou P.N.B) e curso de intervención en himenópteros, outorgarase 0,50 puntos por cada un, ata un máximo de 1 punto

No caso do curso, deberán estar organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración local, universidades, escolas das Administracións públicas, mutuas colaboradoras da Seguridade Social (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) ou impartidos ou homologados pola AGASP.

Acreditación:

- a) Deberá presentarse a copia cotexada da titulación.
- b) Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.
